CANDIDATURA

Primeiro tramo

1	Cesar Santiso Corral	Pazo Provincial
2	Eugenia Varela Barrios	Pazo Provincial
3	Álvaro Trillo Cayón	Vías e Obras
4	Patricia de la Fuente Martínez	FI. Emilio Romay
5	Carlos Grandal Sanesteban	CD. Menores Ferrol
6	Raquel Galindo Checa	Profesora Puga Ramón
7	Rolando Breijo Pedrido	Profesor Rosalía Mera
8	Mª Isabel Vieites Pérez	Pazo Mariñán
9	Carlos Silva Vasallo	Imprenta
10	Carmen Bermúdez Rivas	Área Tributaria
11	Manuel Batalla Bautista (Manolo)	Área Tributaria

Segundo tramo

12	Lucía Vázquez Novelle	Arquivo
13	José Bares Armada	Biblioteca
14	Sofía Agrafojo Rey	Pazo Provincial
15	Manuel Souto Ferrín (Manolo)	Pazo Provincial
16	Sandra Amigo Castiñeira	Profesora Rosalía Mera
17	Ignacio Ríos Súarez	Profesor Puga Ramón
18	Teresa Bermúdez Miras	FI. Emilio Romay
19	Fernando Otero Fernández	Área Tributaria
20	Cristina Fernández Cabarcos	CD. Menores Ferrol
21	Argimiro Doce Pérez (Archi)	Área Tributaria

Suplentes

22	Silvia Suárez Moya	Rosalía Mera
23	Nahir Atienza Longueira	Puga Ramón
24	Gemma Ventoso de la Iglesia	Vías e Obras
25	Cristina Rodríguez Martínez	Área Tributaria
26	Floriano Estévez Rodríguez (Nito)	Vías e Obras
27	Silvia Pena Mariño	Puga Ramón
28	Tania Esmoris González	C. Menores Ferrol
29	Ana Varela Pazos	FI. Emilio Romay
30	Rosario Berea Ruiz (Pachi)	Rosalía Mera
31	José Manuel Lorenzo Ulloa	Vías e Obras
32	Mª Fátima Sambade Carro	C. Menores Ferrol
33	Ana Veiga Tojeiro	Puga Ramón
34	Ana Guimarey Alvárez	FI. Emilio Romay
35	Javier López Lage	Pazo Provincial

VOTA CCOO servizos á cidadanía galicia

POR TI
POR TOD@S
VOTA CCOO

CCOO servizos á cidadanía galicia

O SINDICATO IGUALITARIO QUE SE CARACTERIZA POR:

DIÁLOGO
COHERENCIA
EXPERIENCIA
PRAGMATISMO

ELECCIÓNS SINDICAIS PERSOAL FUNCIONARIO DEPUTACIÓN DA CORUÑA

En CCOO estamos orgullosos da nosa labor sindical. Durante os últimos anos conseguíronse importantes avances nas condicións laborais grazas ao noso traballo, a nosa capacidade de negociación e ao noso pragmatismo.

Melloras salariais

» **Incremento do complemento específico** mediante a valoración de postos de traballo baseada na proposta de CCOO

» **Aumento da produtividade** a través da consecución de obxectivos globais, proposta conxunta de CCOO e UGT

» **Incremento do complemento de destino** (ou equivalente no específico). Recentemente acadado na segunda fase da valoración de postos de traballo baseada na proposta de CCOO

Melloras na conciliación

» **Recuperación da saída momentánea** retirada por Diego Calvo cando Jesús Martínez Loira era director da área de persoal e organización

» **Incremento do horario de verán** tamén reducido durante o mandato de Diego Calvo

» **Establecemento do horario do Nadal**, solicitude presentada por CCOO e aceptada pola Corporación como parte dunha negociación

» **Implantación do horario de semana santa**, logro acadado por CCOO recentemente do mesmo xeito que o horario de Nadal

Melloras laborais

» **Concursos de trasladados e xefaturas.** Conseguimos que se desenvolvesen despois de moitos anos paralizados

» **Novo sistema de traslados en comisión de servizos voluntaria** para que o persoal funcionario de carreira puidese acceder aos postos vacantes previamente a que se ofertasen nas listas de interinidades

» **Reserva de prazas para promoción interna** nas distintas ofertas de emprego público, compromiso que xa está a ser unha realidade

Estes logros son o mellor aval para que confíes en nós. **CCOO presenta unha candidatura ampla e transversal, onde quedan representados todos os centros e a maioría de categorías da Deputación para que ninguén se quede atrás e así poder avanzar todos e todas xuntas e non só uns colectivos determinados.**

Programa

A Continuación os presentamos as principais propostas nas que centraremos a activade sindical nestes próximos catro anos:

√ **Carreira profesional** como recoñecemento do traballo desenvolvido polo persoal. Constitúe o mellor método para aplicar unha importante mellora salarial global para todo tipo de postos

√ **Teletraballo** de urxente implantación. Medida comprometida e incumprida pola Corporación que CCOO leva dous anos esixindo e solicitando nas ultimas nove mesas de negociación

√ **Promoción Interna**. Loitaremos pola elaboración dun novo plan de ordenación de RRHH que incorpore novos procesos de promoción

√ **Incrementar as axudas graciables** e modificar as bases de axudas de estudios e vivenda para darlles un carácter máis xusto e social

√ **Actualizar o *acordo negociado*** para dotar de maior seguridade aos logros acadados en negociacións como o sistema de produtividade ou os horarios reducidos, asentándoos como dereitos recoñecidos

√ **Xubilación parcial e prexubilación**. Traballaremos para promover un plan de rexuvenecemento do persoal que as posibilite

√ **Ampliar as medidas de conciliación** da vida familiar e laboral

√ **Regulación de quendas e horarios especiais**. Aprobar un novo regulamento detallado que outorgue garantías ao persoal

√ **Modificar o regulamento de listas** para lograr un sistema de xestión das interinidades máis xusto e eficaz

√ **Reorientar o plan de formación continua cara a certificación de competencias profesionais** para posibilitar a promoción interna do persoal que actualmente non ten titulación

√ **Promover a implantación dun sistema de transporte sostible para o persoal**, así como o incremento do compromiso social e medioambiental mediante unha contratación ética e responsable.

√ **Continuar traballando pola seguridade laboral**